

CRISE DA 1ª REPÚBLICA

ALFONSO XII
1875-1885

RÉXIME DA RESTAURACIÓN OU SISTEMA CANOVISTA (1875-1923)

- Dinastía dos Borbóns
- Antonio Cánovas del Castillo*, aproveita a crise da 1ª República para buscar apoios para a causa borbónica entre a burguesía e a aristocracia

RASGOS CARÁCTERÍSTICOS:

- Principios indiscutibles que se contraponen e se equilibran, conforman a soberanía e colaboran no exercicio do poder:
 - A **Coroa**: representa a **tradicción** e a **autoridade**
 - As **Cortes** representan a **liberdade** e a **vontade do pobo**
- DEFENSA DE:
 - Monarquía constitucional doutrinaria
 - Dobre confianza: Rei e maioría nas Cortes
 - Alternancia pacífica entre o P. Conservador e o P. Liberal
- DÚAS ETAPAS:
 - 1875-1902: Afonso XII e Rexencia de María Cristina. Establecemento e consolidación
 - 1902-1923: Afonso XIII: Deterioro progresivo e crise

- Cánovas, Presidente do Goberno convoca **eleccións constituíntes*** conforme á **lei electoral*** vixente de 1868, mediante **sufrexio universal masculino***. As Cortes aprobaron a
- **CONSTITUCIÓN DE 1876: Modelo de Monarquía constitucional doutrinaria conservadora**
 - **A Coroa**: Importantes prerrogativas
 - Comparte a soberanía coas Cortes
 - Nomea libremente o seu goberno, sen necesidade de ser aprobado polas Cortes
 - Sanciona e promulga as leis
 - Iniciativa legal
 - Dereito de veto
 - Poder de suspender e disolver as Cortes
 - Exerce o mando Supremo do Exército
 - Dirixe a política internacional
 - Ministros responsables ante as Cortes
 - **As Cortes: papel subordinado á Coroa**
 - Bicamerais: Congreso elixido, Senado non elixido
 - Iniciativa legal compartida co Rei
 - Non están especificadas as funcións de control do Goberno
 - **Dereitos e liberdades, redactados dunha forma xeral**
 - Sufrexio
 - Prensa
 - Asociación
 - **Relixión**: católica, aínda que se recoñeceu a liberdade de conciencia e culto

PACIFICACIÓN DOS REINOS

- **Guerra de Cuba**
 - Martínez Campos obtivo éxitos contra os insurrectos
 - Paz de Zanjón: ampla amnistía e promesas de reformas administrativas na illa
 - Nova guerra ("guerra chiquita")
 - Supresión paulatina da escravitude
- **Ofensivas carlistas**: trunfos do Goberno. Rematou o conflito en febreiro de 1876, tras a toma de Montejurra e Estella (derradeiros núcleos carlistas)

MODELO DE ESTADO UNITARIO:

- **Control dos Concellos polo Goberno**
 - Elimínouse a autonomía dos Concellos e a elección popular dos alcaldes.
 - O Goberno designábaos alcaldes das capitais das provincias e das principais cidades
 - O resto dos alcaldes eran controlados polos Gobernadores civís, dependentes do Ministerio da Gobernación
- **Abolición dos privilexios forais vascos despois da derrota carlista:**
 - Perderon as súas peculiaridades administrativas
 - Sometidas ao sistema de impostos comúns e recrutamento
 - 1878: concertos económicos: fixación da cota para a recadación de impostos polas deputacións